



a linguaxe de


ARGEN

LINGUAXE MUSICAL 1º GP

MANUAL DE USO


**IRIA PORTAS
MARCOS PADRÓN**

O proxecto está formado, polo momento, por 5 obxectos dixitais, sendo cada un deles 1 unidade didáctica. O emprego destes materiais non implica unha gran dificultade técnica, porque o alumnado está familiarizado con el, xa que teñen todos o formato dunha páxina web cun menú no lado esquerdo, que pode ocultarse premendo no botón do lado dereito que pon *Menú*.



Cada unidade presenta os contidos de cada unha das destrezas para traballar, así como os exercicios específicos para eses contidos. Aparecen as instrucións e os pasos que tes que seguir.


Para poder cambiar de páxina, podes pinchar no *Menú*, ou podes empregar os botóns con forma de frecha que aparecen no principio e no final da páxina.




Na parte superior da páxina hai unha barra cunha lista despregable e varios botóns para aumentar a accesibilidade ao material (barra de accesibilidade Batexego). Aparece como



un cuadro pequeno no lateral dereito, que ao picar nela actívase.



Cada un dos apartados do menú despregable teñen unha función:



Cada unidade está formada por 4 grandes apartados:

- **TEORÍA:** presentación dos contidos teóricos a traballar na unidade polo noso narrador, *Argen*.
 - *A tonalidade (nome do contido):* explicación de cada un dos aspectos que conforman dito contido (cada un deles nunha nova páxina e sempre por orde de dificultade), apoiado por cadros resumo, partituras e audios, e sempre, na última páxina, un **vídeo interactivo** que permita que o alumnado sinta que se atopa na clase seguindo unha explicación, na que se inclúen todos os contidos anteriormente explicados.
 - *Exercicios:* todas as actividades teórico-prácticas sobre os contidos traballados (uns interactivos na aplicación empregada, algúns para copiar na libreta e fomentar a práctica da escritura musical, e algúns en formato pdf para a súa copia ou impresión a través do *iDevice Ficheiro Adxunto*).

- **RITMO:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza que imos traballar.
 - *Deseños rítmicos:* neste apartado aparece explicado o elemento rítmico a traballar nesta unidade, apoiado por audios e partituras, así como cadros resumo, de ser necesario.
 - *Practicamos!:* traballo de patróns rítmicos en pequenos fragmentos que serán a base dos exercicios do seguinte apartado, baseados nos elementos explicados no punto anterior, apoiados por vídeos para realizar con percusión corporal.
 - *Lectura rítmica:* nesta primeira parte aparecerá un exemplo de lectura rítmica (o número irá en función dos elementos novos a traballar), cun vídeo para estudar, no que *Argen* amósanos como se fai o movemento da man e como debemos manter o pulso.
 - *Practicamos!:* neste apartado aparecerán as partituras para ler ritmicamente, organizadas por sesións, e cos contidos organizados por dificultade; inclúense sesións dedicadas á lectura de claves diferentes de Sol e Fa, lectura vertical para practicar a lectura de acordes e sesións de repaso nas que aparecen os contidos traballados ata o momento.
- **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza:
 - *Quecendo motores:* actividade para a promoción da convivencia, baseada nun mapa, onde cada imaxe proporciona información relativa a exercicios de relaxación, respiración, articulación e vocalización, previos a entoación, e que poden facerse en grupo, con audios e partituras.
 - *Deseños vocais:* traballo de intervalos, escalas, acordes, etc. a través de audios e partituras para a súa práctica.
 - *Entoación:* aquí aparecen as melodías para entoar *a capella:* partituras e audios das escalas e das melodías.
 - *Con acompañamento:* as partituras con acompañamento polifónico, e ademais das partituras aparecen audios da obra completa, e tamén un audio con só o acompañamento, para poder practicar a entoación.
 - *Un pouco de Historia...:* Nas unidades 1, 2 e 4 aparecen melodías clásicas recoñecibles que nos permiten introducir información sobre a historia da música e compositores máis relevantes, con explicacións da vida e da obra, e con enlaces que nos permitan escoitalas a través dunha orquestra.
- **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza que imos traballar
 - *Esquemas auditivos:* traballo de intervalos, escalas, acordes, etc. a través de audios e partituras. Centrarémonos tamén na práctica da escoita en clave de Fa, xa que é necesaria para o ditado a 2 voces.

- *Practicamos!:* un exercicio onde poidan comprobar a asimilación do contido traballado no anterior apartado.
 - *Ditado:* neste apartado aparecen sempre 6 audios cos ditados: 3 a unha voz e 3 a dúas voces. Todos os audios inclúese o proceso completo da escoita dun ditado; dende a escala e arpejo da tonalidade ata o número de repeticións. As solucións aparecerán no *Solucionario* da Guía Didáctica de cada unidade.
 - *Un pouco de Historia...:* Nas unidades 3 e 5 aparecen melodías clásicas recoñecibles que nos permiten introducir información sobre a historia da música e compositores máis relevantes, seguindo o mesmo esquema que no apartado de entoación.
- **REFORZO/AMPLIACIÓN:** Neste apartado hai exercicios para reforzo ou ampliación (sempre cun pouco máis de dificultade) para o alumnado que o precise.
- *Xogamos!:* nesta sección poden aparecer LIM ou actividades interactivas como Rosco, Trivial ou Sopa de Letras. Son actividades un pouco máis lúdicas que inclúen todos os contidos traballados.


Cada un destes apartados leva unha icona asociada, igual en todas as unidades, o que permite un maior recoñecemento por parte do alumno/a:


 Explicacións teóricas	 Exercicios Interactivos
 Ficheiros adxuntos	 Exercicios/ reforzo/ ampliación
 Vídeo Interactivo	 Lectura rítmica
 Percusión Corporal	 Actividades de práctica vocal
 Actividades para promoción da Convivencia	 Actividades de práctica auditiva
 Historia da Música e compositores	 Actividades lúdicas/xogos

Aparecen diferentes tipos de exercicios:

 **Verdadeiro ou Falso?**

Clasifica os seguintes intervalos e responde se son verdadeiras ou falsas as afirmacións que se expoñen.


1. Este intervalo é unha 4ª Xusta. 




Verdadeiro Falso

Selección incorrecta



É unha 4ª Diminuída, porque ten 2T.



 **Verdadeiro-Falso:** a medida que vas respondendo, o programa indícache se as respostas son correctas ou non, coa explicación.



 **Completa:** pode ser escribindo directamente ti a palabra, ou elixindo unha dunha lista que aparece cada vez que pinchas no oco baleiro.


 **Que sabemos sobre os intervalos e as enharmonías?**

Le e completa o texto sobre os intervalos e as enharmonías:

Un intervalo é a  entre dúas notas. As súas características son o número e a .


A especie pode ser , Aumentada, Diminuída, Maior, Menor, Dobre Aumentada ou .


O intervalo  é unha .





 **O ciclo de 5ª**


Ordea o ciclo de 5ª dos sostidos:


RE 


SOL 

DO 


LA 

MI 

FA 

SI 

Comproba!

 **Lista desordenada:** coas frechas (baixando ou subindo) tes que formar a lista na orde que se pida



Acordes

1. Que é un acorde triada?


- Acorde formado por 2 notas
- Acorde formado por 3 notas
- Acorde formado por 4 notas

Incorrecto

2. Cal é o primeiro investimento des

✚ **Pregunta-resposta:** hai dous formatos, un no que sabes no momento se é correcto o que respondes.

E outro (o Test **Scorm**), que ao rematar o exercicio sabes a porcentaxe de respostas acadadas. Este último o facemos na primeira unidade, empregándoo como ferramenta para a Avaliación Inicial.



ENVIAR AS RESPONSTAS

A súa puntuación é 60%




Ficheiros adjuntos

2 ficheiros adjuntos sobre tonalidade

- [FicheiroadxuntoTonalidades.pdf](#) (Nova ventá)
- [Ficheiroadxunto Modulacion.pdf](#) (Nova ventá)

✚ **Ficheiros adjuntos:** no enlace temos pdf que nos permiten imprimir con facilidade os exercicios. Aparecen en todas as unidade.

Tamén hai xogos:



✚ **QuExt:** preguntas con 4 opcións de resposta que ás veces poden ser dous correctas. Teñen tempo e dan un resultado final.

⊕ **Sopa de letras:** busca das palabras que aparecen definidas.

Sopa de intervalos

Atopa as palabras ocultas

10 ✓ 1 ❌ 1

Xenia! 1 puntos

U	S	U	O	T	S	O	P	M	O	C
D	U	O	D	É	C	I	M	A	T	O
E	A	D	A	Y	K	I	H	I	N	C
U	S	J	T	P	E	Y	C	N	U	I
F	E	P	N	H	W	T	V	O	X	N
A	L	T	E	R	A	D	O	M	S	Ó
W	N	L	M	C	N	S	B	R	I	M

- 1.- A característica do intervalo que se define por
- 2.- A distancia entre dúas notas
- 3.- Que especie ten este intervalo?
- 4.- Que número é este intervalo?
- 5.- O intervalo cun número maior da 9ª
- 6.- O intervalo que soa á vez
- 7.- Os intervalos coas notas non correlativas
- 8.- Dúas notas co mesmo son pero distinto

Completa o rosco:

✓ 0 ✗ 0

04:50



Empezar por B

Nome popular da parte máis coñecida da ópera "A Traviata"

Correcto Pasar Incorrecto



⊕ **Rosco:** un gran rosco coas letras do abecedario que hai que completar con definicións que empezan ou que levan ditas letras (nunca empregamos a J)

⊕ **Desafío:** a través de distintos retos, hai que resolver o desafío que se presenta, seguindo as indicacións marcadas.


Poderedes axudalo?

RETOS

0 1 2 3 4

09:29:52

Pais de orixe dun compositor




O país do compositor que Argen acaba de descubrir escoitando novas melodías.

Le o desafío e, cando estés listo, pulsa sobre un reto para xogar.

Inicio desafío: 14/02/2024 (21:25:46)

Musitrivial

Lanza o dado e responde as preguntas:



As tonalidades e as escalas
Os acordos
Historia da Música
Os intervalos

⊕ **TriviExt:** xogo de preguntas, divididas en 4 familias, en formato de xogo de mesa, coa posibilidade de varios xogadores.

✚ **Identifica:** cada pregunta ten 4 pistas que nos axudan a responderla.



✚ **Cartas de memoria:** xogo de memoria, no que emparellamos dúas cartas relacionadas, neste caso a do intervalo coas súas características.

✚ No **Lim** hai que xogar segundo as indicacións que aparecen. Hai diferentes botóns para comprobar se é correcto e para pasar a páxina.

